



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

“Memoria das actividades realizadas no ano 2021”

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041,
Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública
nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense
Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com
Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: @AlcerOurense

FINANCIAN:





Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

ÍNDICE

1. ALCER OURENSE	6
2. PROGRAMA “ALCER INFORMA”	9
ATENCIÓN SOCIAL	9
ACOMPANÑAMENTO DE PACIENTES	13
3. PROGRAMA “ALCER CONTIGO”	13
APOIO SOCIAL	14
APOIO DIRECTO A PERSOAS VULNERABLES, FAMILIARES E COLABORADORES	14
ORIENTACIÓN ÁS PERSOAS CON ERC E AOS SEUS FAMILIARES CON INFORMACIÓN, RECURSOS E SERVIZOS	15
APOIO ÁS UNIDADES DE DIÁLISE	15
FORMACIÓN EN ACCESO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS	16
INFORMACIÓN A PERSOAS CON ERC, PREVENCIÓN DA MESMA E FOMENTO DA DOAZÓN DE ÓRGANOS EN REDES SOCIAIS	16
PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE RENAL	17
DÍA MUNDIAL DO RIL	17
DÍA DO CANCRO RENAL	21
PASEO DA SAÚDE EN BARBADÁS	22
FOMENTO DA DOAZÓN DE ÓRGANOS	22
DÍA NACIONAL DO TRANSPLANTE	22
DÍA NACIONAL DO DOADOR	23
CHARLAS DE PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE RENAL E DOAZÓN DE ÓRGANOS	25
4. PROGRAMA “NutriALCER”	27
5. PROGRAMA “CONVIVE CON ALCER”	28
SORTEO DE MAGOSTO	28
6. PROGRAMA “COLABORA CON ALCER”	29
7. PROXECTO “NefroHumana”	29
8. ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COAS FEDERACIÓNS	30



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

COGAMI E FEDERACIÓN DISCAFIS-COGAMI.....	30
FEDERACIÓN ALCER GALICIA	32
FEDERACIÓN NACIONAL ALCER.....	47
9. OUTRAS ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPAMOS.....	50
ALMORZOS XURÍDICOS FUNDACIÓN ONCE – LEGÁLITAS LAB.....	50
WEBINAR “VACINAS E COVID-19”	51
WEBINAR “VACINAS COVID-19 E ERC”	52
PRESENTACIÓN DE DATOS DA OCT	52
DIÁLOGO BAREMO DE DISCAPACIDADE.....	53
WEBINAR “RESPUESTA ANTE LAS DUDAS SOBRE VACUNACION FRENTE A COVID-19 EN PACIENTES CON ERC”	54
CONSELLO ASESOR DE PACIENTES DO CHUO.....	54
WEBINAR “¿Has oído hablar alguna vez de ACCESIBILIDAD DIGITAL?”:.....	55
VII FORO PREMIOS AFECTIVO EFECTIVO	56
PRESENTACIÓN DA ESTRATEXIA GALEGA EN ENFERMIDADES RARAS.....	56
CONSELLO ASESOR DE PACIENTES	57
FORMACIÓN SOBRE PAUTAS DE COMUNICACIÓN CO PACIENTE RENAL	58
ACTO PRESENTACIÓN: “O FUTURO DA SANIDADE PÚBLICA EN OURENSE “	59
WEBINAR: APLICACIÓN DA LEI DE REGULACIÓN DA EUTANASIA	60
WEBINAR “Vacunación frente a COVID en enfermedad renal. ¿tercera dosis? ¿qué hacer cuando no hay respuesta?”	60
DÍA MUNDIAL DA DIABETES	61
II PREMIOS HUMANIZACIÓN CHUO.....	62
CAMPAÑA POLO DÍA DA DISCAPACIDADE	62
XURADO DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL DO CHUO	64
10. ASISTENCIA A ACTOS E REUNIÓN.....	65
11. RECURSOS MATERIAIS E PERSOAS	68
NOTICIAS DE PRENSA 2021.....	69
ENQUISA DE SATISFACCIÓN ANUAL	91
COLABORADORES	92



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

1. ALCER OURENSE

Nome: ALCER Ourense (Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense)

CIF: G-32.011.041

Enderezo:

Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS AIXIÑA

32.005 (OURENSE)

Tlf: 988 229 615 / 663 780 330

alcerourense@hotmail.com

Data de Constitución: 29 de xaneiro de 1982, ONG de carácter sanitario e social, non lucrativa, declarada de utilidade pública.

Nº Rexistro de Entidades Voluntarias: O-44

Nº Rexistro Provincial: 277

Responsable: M^a Teresa Pereira González (Presidenta da Asociación)

Compoñentes do Órgano de Goberno:

Presidenta: M^a Teresa Pereira González

Vicepresidenta: Ángela Rodríguez Sánchez

Secretaria: M^a Luz Grande Blanco

Tesoureiro: Antonio Rodríguez Rodríguez

Primeira Vocal: Leopoldina Losada Rey

Número de socios: 118 (82 numerarios e 36 colaboradores)

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: asociacion.alcer.ourense – Twitter: @AlcerOurense



ALCER Ourense é unha asociación de carácter social e sen ánimo de lucro que ten como **finalidade xeral**, contribuír á atención **moral e física e social de modo integral** de todas aquelas persoas afectadas de enfermidades renais así como a dos seus familiares, mellorando a súa calidade de vida, tentando previr as enfermidades do ril mediante o desenvolvemento de actividades de **sensibilización e concienciación**.

A Asociación está composta por **persoas con enfermidade renal crónica, en tratamento de diálise, transplante de ril** e persoas sensibilizadas con este tipo de enfermidade e a súa problemática. O número actual de socios é de 118 membros, dos cales 82 son socios numerarios (enfermos de ril) e 36 socios colaboradores.

O traballo que leva a cabo esta Asociación, a través de tódalas actividades programadas ó longo do ano, é totalmente desinteresado; tratando de:

- ✓ **Sensibilizar** o conxunto da sociedade e fomentar a doazón de órganos, a través de campañas de sensibilización e concienciación da Insuficiencia Renal Crónica Terminal (IRCT)
- ✓ **Ofrecer** atención a tódolos enfermos renais e ás súas familias (económica, social e psicolóxica) dun xeito integral.
- ✓ **Promover** un estado de opinión favorable cara o enfermo renal coa finalidade de conseguir a total integración deste colectivo en tódolos ámbitos da vida.
- ✓ **Subsanar e paliar** posibles carencias que presenta a administración ou onde esta non pode chegar.



Queridos amigos/as, esta memoria que vos entregamos, resume os proxectos e actividades que a Asociación Alcer Ourense levou a cabo no ano 2021, estas actividades son froito do empeño e a loita de moitas persoas que de xeito anónimo fixeron posible que hoxe, ALCER OURENSE sexa unha realidade .

Dende Alcer Ourense desexamos manifestar todo o noso agradecemento, a todas aquelas persoas, institucións públicas e persoas anónimas sen as cales sería imposible realizar este labor, xa que é un traballo de equipo, no que todos e todas as que formamos parte de Alcer colaboramos poñendo o noso grao de area.

Porque só froito da unión e traballo de todos/as os que fan Alcer Ourense (socios, colaboradores, amigos e profesionais a través das súas ideas, horas de traballo así como unha dedicación de xeito altruísta) fan posible que Alcer Ourense, sexa hoxe un referente non só para aquelas persoas que teñen enfermidade renal senón para a sociedade Ourensá en xeral.

Unha vez máis a Asociación Alcer Ourense, foi capaz de cumprir os seus obxectivos, todo dende o máximo respecto e vocación de servizo.

A todos/as grazas

M^a Teresa Pereira González
Presidenta de Alcer Ourense



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

2. PROGRAMA “ALCER INFORMA”

(Programa de información e asesoramento a persoas con enfermidade renal e aos seus familiares)

ATENCIÓN SOCIAL

Este foi realizado por unha diplomada en traballo social ó longo de todo o ano desenvolvéndose diferentes e diversas actividades encamiñadas a conseguir os obxectivos mencionados anteriormente.

A traballadora social é unha figura imprescindible para a realización de tódalas actividades previstas pola asociación e deste modo lograr alcanzar os obxectivos propostos pola asociación. Esta actividade levouse a cabo ao longo de todo o proxecto e sen a cal non podíamos realizar outras actividades. As funcións e actividades desenroladas pola traballadora social de Alcer foron:

1º Funcións terapéuticas / asistenciais.

Directas: intervención social co propio afectado/a.

Indirectas: Intervención co entorno, removendo os obstáculos para o normal funcionamento.

2º Sociais:

Acompañamento e atención a pacientes en hemodiálise e diálise peritoneal.

- **Avaliación** a través de informes e entrevistas precisos, as demandas e necesidades sociais e individuais dos enfermos.
- **Diagnóstico, orientación e tratamento** dos problemas sociais dos usuarios e usuarias.
- **Asesoramento e tratamento social** dos pacientes ou familiares a petición propia ou ben dos equipos asistenciais.
- **Coordinación con outros servizos** (públicos e privados) a fin de canalizar adecuadamente a problemática social.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

- **Información**, dando a coñecer ó usuario os recursos sociais ós que pode optar así como ós que ten dereito, atendendo á súa situación específica.

O servizo de información, orientación e asesoramento cobre entre outras as seguintes demandas:

- ✓ Certificados de discapacidade
 - ✓ Vacacións e Turismo Social
 - ✓ Servizo de Axuda a Domicilio
 - ✓ Teleasistencia Domiciliaria
 - ✓ Reintegro de gastos do SERGAS: transporte adaptado e medicamentos
 - ✓ Pensións da Seguridade Social (contributivas e non contributivas)
 - ✓ Axudas económicas (Xunta, Concello)
 - ✓ Axudas técnicas (cadeiras de rodas, muletas...)
 - ✓ Bonificacións por discapacidade.
 - ✓ IRPF Familias Numerosas, carné de familia numerosa.
 - ✓ Vehículos adaptados.
- **Visitas a Domicilio** Ás zonas máis afastadas do núcleo urbano, a aquelas persoas que debido á súa situación xeográfica teñan máis dificultade para acceder ós recursos e así coñecer as posibles necesidades ou carencias sociais que poden padecer e solventalas.
 - **Visitas a centros de diálise** realizando unha escoita activa a estes enfermos que servirá en moitos casos para detectar posibles necesidades ou ben serán eles quen as demanden e xestionándoas dende a asociación, isto realizouse quincenalmente dous días á semana en seis quendas diferentes e en toda a provincia de Ourense.

No transcurso do ano 2020, realizáronse un total de 36 visitas ás diferentes quendas e salas de hemodiálise, así como á unidade de diálise peritoneal, nos que se atendeu un total de 220 pacientes aproximadamente. As visitas realizadas no ano 2020 foron suspendidas a partir do mes de marzo debido á declaración do estado de alarma a causa da pandemia da COVID-19 e non se puideron retomar debido ao risco de contaxio, seguindo esta situación no ano 2021.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Por outra banda, tamén se atenden consultas dos 450 pacientes en consulta nefrolóxica de ERCA (Enfermedad Renal Crónica Avanzada) e de persoas transplantadas.

As consultas atendidas e xestións realizadas pola traballadora social foron 256, e sobre temáticas como vacacións para persoas en diálise, trámites para solicitar a doazón de órganos, do corpo a ciencia, de médula ósea, prestacións de dependencia, reintegro de gastos do SERGAS, os servizos propios da entidade, incapacidade e certificado de minusvalía, servizos de axuda a domicilio, realizáronse derivacións a outros organismos, e abríronse expedientes de varios pacientes coa conseguinte elaboración de historia social e seguimento, entre outras.



Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: asociacion.alcer.ourense – Twitter: @AlcerOurense



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

ACOMPAÑAMENTO DE PACIENTES

É un servizo que está destinado a pacientes con enfermidade renal crónica avanzada e ós seus familiares ou cuidadores, previo á entrada en tratamento renal substitutivo, e que se pon a disposición dos servizos de nefroloxía e consultas ERCA co fin de apoiar o proceso asistencial e no que pacientes que xa pasaron polo proceso apoian a persoas que o están iniciando.

3. PROGRAMA “ALCER CONTIGO”

(Programa de orientación e apoio social na ERC a persoas vulnerables á COVID-19)

No mes de marzo de 2020 foi declarado un estado de alarma en toda España debido ao virus SARS-Cov-2, que provocou unha pandemia mundial, deixando ao seu paso milleiros de persoas enfermas de Covid-19 e familias desoladas polos falecementos que provocou.

Co estado de alarma toda a cidadanía estivo sometida a restricións de movemento que nos obrigaron a permanecer confinadas nos nosos domicilios, non podendo máis que saír para a realización de actividades esenciais, como ir ao supermercado ou á farmacia.

No mes de xuño comezamos a volver á “nova normalidade”, xa finalizando o período do estado de alarma, podendo saír a dar paseos e reabrindo pouco a pouco o comercio e as actividades presenciais. Como era de esperar, chegado o outono, veu unha segunda onda da pandemia, que volveu provocar a declaración dun novo estado de alarma que desta vez implicou un toque de queda de 23h a 6h e as restricións de grupo a un máximo de 6 persoas e que foi, en xeral, menos restritivo que o anterior. Indicar que neste período o Goberno galego xa tiña competencias para ir asumindo algunhas decisións, e incluso decidiu impedir as reunións entre persoas non convivintes en moitos concellos de Galicia.

Esta situación provocou que as persoas con enfermidade renal, colectivo no que se centra a nosa actividade, estivesen con medo por ser un colectivo especialmente vulnerable á Covid-19 e que, esta pandemia, lonxe de parar a nosa actividade, reforzou a atención que se deu por parte do persoal



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

técnico e voluntariado da asociación, creando este Programa para afrontar os cambios que supuxo esta nova situación, a través das seguintes actividades:

APOIO SOCIAL

APOIO DIRECTO A PERSOAS VULNERABLES, FAMILIARES E COLABORADORES

Xa uns días antes da declaración do estado de alarma e vendo a situación sanitaria na que estaba entrando o país a Xunta Directiva solicitoulle ao persoal técnico da asociación que comezase a desenvolver as tarefas mediante o teletraballo, comezando nun primeiro momento a prestar apoio emocional e orientación en relación á nova situación con todas as persoas de alta na base de datos da entidade.

As chamadas de apoio que se levaron a cabo foron, como é lóxico, máis intensas nas primeiras semanas e meses do confinamento, relaxando o ritmo a medida que se ían relaxando as medidas e na nova normalidade.

Durante as chamadas falamos con todos os socios e socias da asociación, prestando apoio emocional, verificando as condicións nas que se estaban desprazando e sometendo aos diferentes tratamentos de diálise, interesándonos polo estado de saúde en xeral e polo psicolóxico en particular.

Detectadas as necesidades de cada unha das persoas coas que contactamos, as que eran susceptibles de consulta foron atendidas a través do programa de atención social e as que non puideron ser atendidas na asociación directamente foron derivadas aos servizos oportunos das Federacións nas que estamos asociados.

Os resultados das chamadas de apoio realizadas durante o ano 2021 ás persoas son os seguintes:

- ✓ 45 chamadas a persoas en Consulta especializada (sexa renal ou dunha especialidade relacionada, como uroloxía, por exemplo)
- ✓ 21 chamadas a persoas en diálise peritoneal
- ✓ 68 chamadas a persoas en hemodiálise (hospitalaria ou domiciliaria)
- ✓ 157 chamadas a persoas transplantadas (imunodeprimidas)
- ✓ 96 chamadas a persoas colaboradoras (entre os/as que se inclúen familiares)

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)

ORIENTACIÓN ÁS PERSOAS CON ERC E AOS SEUS FAMILIARES CON INFORMACIÓN, RECURSOS E SERVIZOS

Durante todo o ano, enviouse información a usuarios/as sobre normativas, recursos, servizos, actividades educativas, etc de interese para persoas con enfermidade renal. A devandita información chegou á nosa entidade a través das diferentes Federacións ás que está adherida ALCER Ourense, por correo electrónico ou foi directamente recollida polo persoal da entidade mediante busca en redes sociais e na web. Logo de determinar se a información era de interese, preparouse un envío que foi remitido vía correo electrónico a parte dos e das usuarias de ALCER e vía lista de difusión de whatsapp ao resto, garantindo ambos sistemas a privacidade das persoas destinatarias para o resto. Esta información proporcionou a base da orientación que o persoal técnico de ALCER ofertou ás persoas vinculadas á asociación. Ao longo do ano enviáronse un total de 178 correos electrónicos e whatsapp a socios e socias.

Ademais, fíxose envío, en papel a aquelas persoas que o solicitaron, e vía whatsapp ou correo electrónico ao resto de socios e socias, da revista trimestral que edita a Federación Nacional ALCER, na que podemos atopar artigos de interese para persoas con enfermidade renal, que van dende entrevistas a artigos científicos sobre tratamentos, doazón de órganos, estudos, etc.

APOIO ÁS UNIDADES DE DIÁLISE

Ademais do apoio que se lles deu a todos e todas as persoas de alta na nosa base de datos, nestes momentos tan difíciles para o persoal sanitario, considerouse necesario tamén prestarlles apoio emocional dende a asociación, realizando chamadas periódicas ao persoal de enfermería das unidades de diálise do CHUO, ao que se fixeron un total de 12 chamadas ao longo do ano.

Por outra banda, dada a alta incidencia da COVID-19 nas persoas con ERC, que é maior que na poboación xeral, considerouse necesario realizar un seguimento do transporte sanitario e do funcionamento das salas de diálise en canto á correcta implantación de todas as medidas sanitarias necesarias para evitar contaxios.

Unha vez detectadas as demandas foi preciso poñernos en contacto coa Xerencia do CHUO para intermediar en 2 asuntos concretos:

1. Transporte sanitario: en canto ao número de persoas que viaxaban en cada ambulancia e que foi resolto caso a caso.
2. Entrega de máscaras a pacientes en diálise: sendo as persoas con ERC un colectivo vulnerable consideramos insuficiente que se entregasen 1 máscara cirúrxica á semana aos pacientes, xa que o uso recomendado é de 4h, e neste caso estaban usando a máscara ata 12h só na sala de diálise, sumándose ao mesmo o tempo de transporte de ida e de volta, polo que xa ao saír do tratamento, esa máscara non tiña ningún efecto protector. Trala nosa reclamación, que foi considerada razoada, cada paciente recibiu unha máscara diariamente.

FORMACIÓN EN ACCESO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS

Para que todas as persoas con enfermidade renal e familiares poidan acceder ás charlas online que se ofertan dende as nosas Federacións, pero tamén porque a fenda dixital na nosa provincia é manifesta, a asociación elaborou, coa axuda dun voluntario da entidade, unha serie de 9 vídeos tutoriais para aprender a conectarse e que foron enviados semanalmente aos socios e socias, colgados no noso Youtube e difundidos nas nosas redes sociais, así como noutras entidades sociais.

Pódese acceder aos mesmos no noso canal de Youtube, na lista de reprodución “[Vídeos tutoriais uso TIC](#)”

INFORMACIÓN A PERSOAS CON ERC, PREVENCIÓN DA MESMA E FOMENTO DA DOAZÓN DE ÓRGANOS EN REDES SOCIAIS

Ao longo de todo o ano as redes sociais da asociación, Facebook: @asociacion.alcer.ourense e Twitter: @AlcerOurense, foron actualizadas diariamente, en días laborábeis, con información relevante sobre actividades, a enfermidade renal crónica, a prevención da mesma ou a doazón de órganos. É importante ter en conta, que moitas das nosas publicacións se basearon en noticias e información da pandemia (coa elaboración de infografía), tendo moi presente a situación que



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

estabamos vivindo e a importancia de ter informado ao noso colectivo ante esta situación tan anómala nas nosas vidas.

En relación á información transmitida polas redes sociais, indicar que o número de seguidores en cada unha delas a 31 de decembro é o seguinte:

	FACEBOOK	TWITTER
Seguidores 31/12/2020	607	482
Seguidores 31/12/2021	654	501

PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE RENAL

DÍA MUNDIAL DO RIL

No Día Mundial do Ril 2021, celebrado o 11 de marzo, plantexamos unha campaña virtual de prevención na que elaboramos uns carteis coas 8 regras de ouro para previr a enfermidade renal e que foi compartida diariamente entre o día 1 e o 11 de marzo en Facebook e Twitter, así como unha difusión a través de whatsapp e correo electrónico a socios e socias para crear unha cadea.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

**VIVIR BEN
CON
ENFERMIDADE RENAL**

REGLA DE OURO Nº 3:
Natureza, exercicio e boa
alimentación: pilares básicos
para o bo control da tensión arterial

Concello de OURENSE DEPUTACIÓN OURENSE

**VIVIR BEN
CON
ENFERMIDADE RENAL**

REGLA DE OURO Nº 4:
Manten unha
hidratación adecuada

Concello de OURENSE DEPUTACIÓN OURENSE

**VIVIR BEN
CON
ENFERMIDADE RENAL**

REGLA DE OURO Nº 5:
Evita fumar

Concello de OURENSE DEPUTACIÓN OURENSE

**VIVIR BEN
CON
ENFERMIDADE RENAL**

REGLA DE OURO Nº 6:
Non tomes medicación
sen control médico

Concello de OURENSE DEPUTACIÓN OURENSE

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense



Por outra banda elaborouse un [vídeo coa colaboración do CHUO](#) que nos proporcionou o persoal sanitario que deu unhas pautas de prevención para a cidadanía e que tamén foi publicado nas nosas redes sociais así como na nosa páxina web.

A Asociación Diabética Auria colaborou aportando un [vídeo da súa educadora en diabetes](#) para prevenir a enfermidade renal en persoas con diabetes que tamén foi publicado en redes sociais.

Foi colocado un cartel nas consultas de nefroloxía do CHUO e durante todo o día o persoal do CHUO mantivo de fondo de pantalla a cartelería que elaborou o CHUO en colaboración coa nosa asociación.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense



O persoal técnico da Asociación e un total de 12 socios e socias e voluntariado inscribiuse e participaron nun [webinar de prevención](#) organizado pola Federación ALCER Galicia e compartimos as [actuacións desta Federación](#) polo Día Mundial do Ril en redes sociais.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Por último compartimos nas redes sociais vídeos da Fundación Renal Íñigo Álvarez de Toledo, que conta con 3 das 4 salas de diálise en Ourense nas que se dan pautas para vivir ben a enfermidade renal.

DÍA DO CANCRO RENAL

O 17 de xuño celebrouse o Día Mundial do Cancro Renal. Este ano colaborouse coa Federación Nacional ALCER coa difusión a través dunha campaña informativa con diferentes actividades:

- Mesa informativa no CHUO, á que se achegaron a xerencia e representantes das 3 especialidades que poderían estar implicadas nun proceso de cancro renal: uroloxía, oncoloxía e nefroloxía



- Difusión de 3 infografías propias sobre o cancro renal nos días 14, 15 e 16 de xuño nas redes sociais da asociación



- Difusión en redes sociais de vídeos e material da Federación Nacional ALCER para promover o benestar psicosocial das persoas con cancro renal
- Difusión en redes sociais dunha charla online sobre [Mindfulness para o afrontamento do cancro renal](#) e outra baixo o título “[Tenemos que hablar sobre cómo nos sentimos](#)”.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

PASEO DA SAÚDE EN BARBADÁS

O 15 de xuño a coordinadora de ALCER Ourense participou na roda de prensa organizada polo Concello de Barbadás co obxectivo de presentar a actividade, na mesa estiveron presentes con ela o Alcalde de Barbadás, a Concelleira de Sanidade e a Presidenta da Asociación Diabética Auria; o resto de entidades participantes estiveron acompañando o acto.



Imaxe cedida por AFFOU

O 18 de xuño a nosa asociación, en colaboración co Concello de Barbadás, participou no [Paseo pola saúde](#). Neste evento compartimos espazo con outras asociacións e entidades como son: Asociación Española Contra o Cancro (AECC), Asociación Ourensana de Esclerosis Múltiple, Ela, Parkinson y otras enfermedades neurodegenerativas (AODEMPER), Asociación de diabéticos de Ourense (AURIA), protección civil, ADOS, o centro Quérote+ e outras entidades privadas, entre outras. Na nosa carpa demos información sobre a nosa asociación e a enfermidade renal crónica e realizamos medicións de tensión e de peso.

FOMENTO DA DOAZÓN DE ÓRGANOS


DÍA NACIONAL DO TRANSPLANTE

O 24 de marzo foi o Día Nacional do Transplante 2021 e para celebralo participamos na [charla on-line organizada pola ONT](#) na que puidemos escoitar a José Corbacho, transplantado de ril recentemente, cunha mensaxe positiva como é él. Gracias pola testemuña!

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](#) – Twitter: [@AlcerOurense](#)



**Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense**



DÍA NACIONAL DO DOADOR

Un ano máis, como cada primeiro mércores de xuño dende 1979, as entidades ALCER celebramos o día para promocionar a doazón de órganos, así como para informar á poboación para que poidan coñecer de primeira man os pasos a seguir para a consecución da súa tarxeta de doador/a de órganos.

El proceso de donación y trasplante un año después del inicio de la pandemia

Ha pasado más de un año desde que nos enfrentamos a lo que se conoce como la primera ola de la pandemia de COVID-19. Para el programa de donación y trasplante que coordina la ONT también fue un tiempo difícil, además los profesionales sanitarios en materia de donación y trasplante continúan enfrentándose a una doble carga: por un lado, la atención a los pacientes que necesitan un trasplante y, por otro, la atención a los pacientes que necesitan un trasplante.

Un año después, los profesionales sanitarios que componen la red de trasplantes han logrado afrontar un tipo de actividad y trasplante que se acerca a lo que llegaron en un año de actividad como se paró durante 2020.

Todavía nos queda mucho camino por recorrer, pero todos los profesionales que componen la red de trasplantes, autoridades sanitarias, sociedades científicas, comunidades autónomas, la ONT y las asociaciones de pacientes estamos unidos para seguir dando una respuesta rápida y adecuada a los trasplantes, para que los pacientes que necesitan un trasplante puedan recibirlo lo antes posible y así no quede su solidaridad, en ello nos da la vida.

ORGANIZAN

COLABORA

PATROCINAN

DÍA NACIONAL DEL DONANTE DE ÓRGANOS 2 JUNIO 2021

DONA

"DONAR ES AMAR" TU SOLIDARIDAD NOS DA LA VIDA

HAZTE DONANTE DE ÓRGANOS

- ¿Quién puede ser donante? Puede ser donante de órganos toda persona mayor de edad que libre y voluntariamente decida qué tipo de fallecimiento, sus órganos sirven para salvar o mejorar la vida de otros.
- ¿Se puede donar un órgano en vida? En determinados órganos y previa autorización de la autoridad de competencia, la donación se puede realizar en vida, opción no obligatoria.
- ¿Dónde se realiza una donación de órganos? La donación solo puede realizarse en un hospital autorizado, bajo supervisión de un coordinador de trasplantes.
- Si el donante ha fallecido, ¿quién autoriza la donación? Siempre se consulta a los familiares sobre la voluntad de donar los órganos del fallecido.
- ¿Qué es un trasplante? Es la sustitución de un órgano o tejido enfermo por otro que funciona adecuadamente.
- ¿Quién necesita un trasplante? Personas enfermas que sufren un daño irreversible en uno de sus órganos y no tienen otra opción de tratamiento.

El trasplante es la única solución para evitar la muerte o para llevar una mejor calidad de vida.

ÚNETE A LOS RETOS SOLIDARIOS DEL DÍA NACIONAL DEL DONANTE DE ÓRGANOS

• Graba tu mensaje de solidaridad o hazte una foto con una mascarilla con el mensaje rotulado "donar es amar" o "tu solidaridad nos da la vida" y cuélgalo en redes con el hashtag #donaresamar

HAZTE DONANTE DE ÓRGANOS

CONSIGUE TU TARJETA DE DONANTE DE ÓRGANOS Si quieres hacerte con tu tarjeta de donante, únete a este desafío QR

TARJETA DE DONANTE DE ÓRGANOS

Debido ás circunstancias atípicas provocadas pola pandemia do coronavirus, tivemos que adaptar a nosa actividade, un ano máis, trasladando parcialmente a nosa presenza en carpas e mesas informativas presenciais na rúa ás redes sociais.

Para conmemorar este día organizamos as seguintes actividades:

- Asistencia ao [acto de Presentación do Día do Doador de órganos](#) do Ministerio de Sanidade via Twitter.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](#) – Twitter: [@AlcerOurense](#)



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense

- Campaña informativa en redes sociais:
 - Publicación de 4 infografías sobre doazón entre o 31 de maio e o 4 de xuño:



- Publicación dun [vídeo no noso canal de Youtube](#) cunha sondaxe a cidadáns sobre a doazón de órganos e as respostas do Coordinador de transplantes do CHUO.
- Participación da traballadora social a través do grupo da Muller de FNA na campaña “Donar es Amar”:



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
 Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
 Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: asociacion.alcer.ourense – Twitter: @AlcerOurense




Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

CHARLAS DE PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE RENAL E DOAZÓN DE ÓRGANOS

DISVALIA, O BARCO DE VALDEORRAS

Tras 1 ano e medio de pandemia, o 7 de outubro retomáronse as charlas de prevención da enfermidade renal e de fomento da doazón de órganos. A traballadora social de ALCER Ourense, achegouse á asociación Disvalia, no Barco de Valdeorras para impartir unha charla á que asistiron 9 persoas, que mostraron moito interese e participaron activamente.



DISCAFIS-COGAMI

O 9 de novembro ofertamos a nosa charla de prevención da enfermidade renal e de fomento da doazón de órganos en Discafis-COGAMI e á que estaban convidadas a asistir os socios e

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

socias das entidades membro, lamentablemente, supoñemos que debido ao aumento de casos de COVID neses días na comunidade e en particular na nosa provincia, non asistiron máis que 5 persoas.



VILARIÑO DE LAMAMÁ (Baños de Molgas)

O 16 de novembro achegámonos ata o Concello de Baños de Molgas, ata o local social de Vilariño de Lamamá, onde nos recibiron un total de 10 participantes para escoitarnos falar de prevención da enfermidade renal e de doazón de órganos.

Ese mesmo día estaba prevista tamén unha charla na propia localidade de Baños del Molgas, que non puido desenvolverse por un aprazamento de última hora. Voltaremos no 2022.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

4. PROGRAMA “NutriALCER”

(Servizo de atención nutricional)

Dende o 1 de febreiro e ata o 5 de maio contamos coa colaboración dunha alumna en prácticas da Universidade de Santiago de Compostela (coa que esta asociación ten asinado un Convenio de colaboración), que mentres estivo na entidade realizou as seguintes actividades:

- Atención nutricional a pacientes: baseadas en citas con pacientes interesados/as no servizo nas que a alumna abriu unha historia clínica, unha nutricional, tomou medidas antropométricas, realizou cuestionarios e efectuou plans de atención nutricional persoalizados para cada un/unha dos/as pacientes; ou en defecto dun plan levouse o control do plan alimentar do propio paciente (a tipoloxía de intervención foi acordada con cada persoa)
- Elaboración de táboas e material persoalizado para os e as pacientes en seguimento
- Elaboración de material nutricional adaptado á enfermidade renal crónica para redes sociais así como para os propios socios e socias da asociación (infografías, receitas, vídeos...)
- Elaboración de recomendacións na ERCA e en diálise e un recetario de almorzos, merendas e ceas fáciles saudables adaptadas á enfermidade renal en formato pdf.
- Iniciación e primeiros trazos dunha futura guía propia da asociación para persoas con ERC
- Coordinación e colaboración en actividades da Federación ALCER Galicia: webinar sobre alimentos procesados e a compra no supermercado, material para o Día Mundial do Ril, etc.

Atendéronse no servizo un total de 8 pacientes das que 5 foron mulleres e 3 homes.

Unha vez rematado o periodo de prácticas da alumna da USC o seguimento dos e das pacientes atendidos por ela, que o solicitaron, así como de novos casos foi realizado pola nutricionista da Federación ALCER Galicia, á que foron derivadas 6 persoas.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense



5. PROGRAMA “CONVIVE CON ALCER”

(Programa de convivencia entre socios e familiares)

SORTEO DE MAGOSTO

Un ano máis debido á situación de pandemia e dado que o noso colectivo é de persoas vulnerables consideramos prudente non celebrar tampouco a tradicional comida anual de Magosto de ALCER Ourense, pero o grupo Cuevas fíxonos igualmente unha doazón de 3 lotes de agasallos que foron sorteados entre os nosos socios e socias e gravado nun vídeo ao que podedes acceder no noso canal de Youtube.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

COLABORA:

CUEVAS ALIMENTACIÓN

6. PROGRAMA “COLABORA CON ALCER”

(Programa de voluntariado)

ALCER Ourense con cun programa de voluntariado no que diferentes persoas colaboran para o bo funcionamento dos diferentes programas e servizos que se ofrecen na asociación. Cada ano inténtase aumentar a bolsa de voluntariado para mellorar os servizos co valor engadido que aportan os e as voluntarias que deciden aportar desinteresadamente o seu tempo á nosa asociación. No ano 2021 contamos coa colaboración de 4 persoas máis que no ano anterior.

7. PROXECTO “NefroHumana”

Tras recibir o I Premio de Humanización do CHUO no ano 2020 a nosa asociación realiza as xestións oportunas para que pouco a pouco se vaian implantando os diferentes aspectos que contempla o proxecto.

No ano 2020 debida á pandemia non se puideran realizar nada máis que poucas xestións iniciais tanto por parte do CHUO como dende a asociación polo que no ano 2021 quedaban todos os puntos do proxecto por poñer en marcha.

Inicialmente dende o CHUO estableceuse unha wifi para a sala de diálise ubicada no Hospital Cristal de Ourense a modo de piloto e compráronse novos televisores dos que disfrutaban os e as pacientes desa mesma sala.

En xullo de 2021 mantívose unha reunión con persoal de humanización do CHUO para analizar que aspectos se podían poñer en marcha ademais da wifi e das TV, centrándonos nesta ocasión na implantación de formacións en “pacientes competentes”, na colocación de



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

expositores en consultas, en habilitar comedores en todas as salas e humanizar o seu entorno con fotografías.

Por outra banda, trala presentación da ampliación do CHUO e sabendo que está proxectada unha nova sala de diálise, a asociación queda pendente de ver cales son as medidas que o CHUO acepta ir implantando ata a apertura desta nova sala e das reformas que se levan a cabo en 2021 en Verín e no Barco de Valdeorras.

8. ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COAS FEDERACIÓNS

ALCER Ourense forma parte de 3 Federacións:

- A Federación provincial de Asociacións de Discapacitados Físicos de Ourense [COGAMI e DISCAFIS-COGAMI](#)
- A [Federación ALCER Galicia](#)
- A [Federación Nacional ALCER](#)

Con cada unha delas se levaron a cabo as seguintes actividades:

COGAMI E FEDERACIÓN DISCAFIS-COGAMI

Este ano non se realizaron campañas nin actividades en colaboración con Discafis-COGAMI. As actividades realizadas en colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade son as seguintes:

Día Mundial da Saúde 2021

Con ocasión do Día Mundial da Saúde, celebrado o 7 de abril, ALCER Ourense colaborou nunha campaña de COGAMI a través de redes sociais.

A iniciativa consistiu na publicación diaria entre o día 5 e o 17 de abril, ambos incluídos, dunha fotografía e lema de cada unha das entidades membro da comisión sociosanitaria de COGAMI. ALCER Ourense aportou neste caso a imaxe dunha compañeira transplantada



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

senalando a inxustiza que se comete coas persoas transplantadas ao retirarlles sistematicamente o grao de discapacidade.



Campaña X Solidario 2021

Ao longo da campaña da renda 2020, a nosa asociación adheriuse á campaña “X Solidaria”, como beneficiaria, a través de COGAMI, das subvencións concedidas pola Xunta de Galicia do recollida coa solidariedade das persoas que marcan a caixa 106 da declaración da renda. Por elo ata finais de xuño, leváronse a cabo unha serie de publicacións en redes sociais con imaxes, [vídeos](#) e lemas que animen á cidadanía a marcar a devandita caixa.





Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Gala de Nadal de COGAMI

A coordinadora da asociación, asistiu á Xornada de Nadal de COGAMI, que se celebrou o día 17 de decembro, via telemática, dadas as circunstancias sanitarias provocadas pola pandemia do Sars-COV-2.

Durante esta Xornada, que foi presentada por compañeiros e compañeiras de COGAMI puideron repasar, en clave de humor, o máis destacado do ano en COGAMI e os novos servizos/programas que esta entidade implantou tra-la pandemia.





FEDERACIÓN ALCER GALICIA

Programa Sinerxias:

Día Mundial do Ril:

Debido a que as actividades presenciais non se puideron levar a cabo, elaborouse unha nota de prensa conxunta e buscouse unha homoxeneidade nas actividades entre os membros da Federación. Ademais de publicacións en redes sociais durante unha semana coa elaboración de infografías propias da Federación, e a realización dun [obradoiro online: "Alimentos procesados: sabemos elixir os alimentos do súper?"](#) no que participaron socios e socias dos diferentes alceres provinciais.



33

Actividades de apoio durante a pandemia por COVID-19:

A Federación ALCER Galicia (FAG) implantou unha serie de servizos para as persoas con enfermidade renal dos ALCER de cada provincia de Galicia para prestar apoio tanto durante o confinamento que conlevou o estado de alarma como na “nova normalidade”. Coa contratación dunha titulada en diatética e nutrición na FAG este ano púxose en funcionamento o servizo de Atención Nutricional para as persoas con enfermidade renal independentemente do estadio no que se atopen.

En relación ao servizo de Atención Nutricional, indicar que fixemos 6 derivacións que precisaron dunha atención especializada, tras o cal a nutricionista se puxo en contacto co/coa paciente, realizando unha valoración inicial da necesidade independentemente do estadio da enfermidade renal no que se atope a persoa.

Con respecto ao servizo de Atención psicolóxica, indicar que é un servizo de atención telefónica de continuidade que comezou no ano 2020 tras a pandemia para conter as situacións de angustia e depresión ás que se enfrontaron certos pacientes e que non podían ser atendidas polas traballadoras sociais, por precisar unha intervención máis especializada. Este ano a psicóloga atendeu dúas persoas derivada dende a nosa entidade.

En canto aos Grupos Educativos, que deron comezo a mediados de abril e que se levaron a cabo durante todo o ano. Nesta ocasión contouse coa participación dunha nutricionista e unha terapeuta ocupacional dando cobertura as demandas que ían plantexando os e as participantes.

As sesións foron mantidas a través da aplicación Google meets, o que permitiu a conexión a distancia de participantes de toda Galicia. En total foron mantidas 8 sesións ao longo do ano. Non se inclúen capturas de pantalla das sesións nesta Memoria por ser unha actividade da FAG na que participaron persoas doutras entidades e para salvaguardar a súa identidade por motivos de protección de datos.

- 20 de abril as 16:30h, nutricionista. Contamos coa participación de 21 persoas, das que 5 eran socios/as de Ourense.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

GRUPOS EDUCATIVOS ONLINE
Especialidade: **NUTRICIÓN**

**A NUTRICIÓN NA
CONSULTA ERCA**

 **MARTES 20 DE ABRIL**
ÁS 16:30 HORAS

 **IMPARTIDO POR**
LETICIA ÁLVAREZ
(Nutricionista da
Federación Alcer Galicia)

 **INSCRÍBETE CHAMANDO AO 605.79.98.19**

- 22 de abril as 16:30h, terapeuta ocupacional. Contamos coa participación de 22 persoas, das que 5 eran socios/as de Ourense.

GRUPOS EDUCATIVOS ONLINE
Especialidade: **Terapia Ocupacional**

**A TERAPIA OCUPACIONAL NO
EIDO DA ENFERMIDADE RENAL**

 **XOVES 22 DE ABRIL**
ÁS 16:30 HORAS

IMPARTIDO POR
JESSICA ANTELO
(Terapeuta Ocupacional da
Federación Alcer Galicia)



 **INSCRÍBETE CHAMANDO AO 670.34.39.49**

- 7 de xuño as 16:30h, nutricionista. Contamos coa participación de 17 persoas, das que 7 eran socios/as de Ourense.

GRUPOS EDUCATIVOS ONLINE

**O circuito entre a
socialización e a
restricción de líquidos**

 **Luns 7 de xuño**
ÁS 16:30 horas
A través de Google Meet

 **Inscríbete chamando ao**
605.79.98.19
670.33.90.66

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

- 10 de xuño as 16:30h, terapeuta ocupacional. Contamos coa participación de 10 persoas, das que unha era de Ourense.

GRUPOS EDUCATIVOS ONLINE


**FERRAMENTAS PARA A
PREVENCIÓN DE
RECURSOS DE
DEPENDENCIA**



- 21 de outubro as 16:30h, terapeuta ocupacional. Contamos coa participación de 19 persoas, das que 6 eran de Ourense. Esta formación volveuse repetir debido a pouca participación no anterior

GRUPOS EDUCATIVOS ONLINE

**FERRAMENTAS PARA A
PREVENCIÓN DE RECURSOS
DE DEPENDENCIA**





Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

- 4 de novembro as 16:30h, nutricionista. Contamos coa participación de 19 persoas, das que 6 eran socios/as de Ourense.

GRUPOS EDUCATIVOS ONLINE


**RECOMENDACIÓNS NUTRICIONAIS
ANTE A FALTA DE APETITO E
MALESTAR XERAL**



**XOVES 4 DE NOVEMBRO
ÁS 16:30 HORAS**

INSCRÍBETE CHAMANDO AO 605.79.98.19

XUNTA DE GALICIA **Alcer**



- 12 de novembro as 16:30h, terapia ocupacional . Contamos coa participación de 16 persoas, das que 4 eran socios/as de Ourense.

GRUPOS EDUCATIVOS ONLINE

**MANIPULACIÓN DE CARGAS
COMO COIDAR AS NOSAS ARTICULACIÓNS E
MOVILIZACIÓN DE PERSOAS DEPENDENTES**



**VERNES 12 DE NOVEMBRO
ÁS 16:30 HORAS**

INSCRÍBETE CHAMANDO AO 670.34.39.49

XUNTA DE GALICIA **Alcer**






Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

- 17 de novembro as 16:30h, nutricionista. Contamos coa participación de 15 persoas, das que 4 eran socios/as de Ourense.



- 26 de novembro as 16:30 h, terapia ocupacional. Contamos coa participación de 15 persoas, das que 3 eran socios/as de Ourense.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: @AlcerOurense



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Día do Doador de Órganos:

Este ano a Federación ALCER Galicia elaborou unha nota de prensa conxunta e buscou unha homoxeneidade nas actividades entre os membros da Federación, no que destacamos a iluminación en cor verde de varios monumentos nas catro provincias galegas con ocasión deste día dando visibilidade a importancia da doazón de órganos. No caso da nosa provincia, foron iluminados a Ponte Romana de Ourense e o Pazo da Deputación de Ourense.



Obradoiro “Sexualidade na enfermidade renal”


O 29 de abril a Federación ALCER Galicia organizou en colaboración coa Escola Galega de Saúde para Cidadáns un obradoiro no Centro Cultural Marcos Valcárcel sobre a sexualidade na enfermidade renal crónica. impartido por Alfredo Saborido, sexólogo da Federación.

Nel falou de como a enfermidade renal crónica pode afectar ao ámbito sexual das persoas que a teñen.

Nesta ocasión e debido ás restricións vixentes debido á COVID-19, o número de asistentes foi de 9 persoas máis o poñente, cumprindo o número máximo de asistentes permitidos.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense



Obradoiro “funcionamento familiar en pacientes crónicos”

O 23 de xuño a Federación ALCER Galicia organizou en colaboración coa Escola Galega de Saúde para Cidadáns un obradoiro no centro cultural Marcos Valcárcel sobre funcionamento familiar en pacientes crónicos, impartido por Patricia Casal, psicóloga da Federación.

